



O pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva, reunido o 8 de xullo de 2026, resolveu, por unanimidade, en relación co expediente número 97/2026

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En data 1 de xullo de 2026 tivo entrada recurso interposto por don Alfonso García Eiríz, como candidato a Asemblea Xeral e coma Presidente de AGE MOTORSPORT contra determinados acordos adoutados pola Xunta Electoral da Federación Galega de Automovilismo (en diante FGA) na Acta nº3 de data 26 de xulo de 2026, na que se resolven as reclamacións formuladas contra o censo electoral provisional correspondente ao proceso electoral da FGA.

II.- No seu recurso, D. Alfonso García Eiriz solicita em esencia:

- a) que se examine a adecuación do artigo 6 do Regulamento Electoral ao Decreto 16/2018.
- b) que se revise a inclusión e exclusión de diversas entidades deportivas do censo provisional.
- c) que se rectifique a especialidade asignada a determinadas entidades no censo provisional.
- d) e que se acorde a retroacción do procedemento electoral ao momento inmediatamente anterior á publicación do censo provisional, ordenándose a elaboración dun novo censo conforme aos criterios que este Comité considere procedentes.

III.- O recurso foi admitido a trámite como electoral co número 97/26, solicitando informe relativo ao asunto á Xunta Electoral, que foi aportado o 8 de xullo de 2026,

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





defendendo a conformidade a Dereito do acordo impugnado e interesando a íntegra desestimación do recurso.

No devandito informe sostense, esencialmente, que a Xunta Electoral limitouse á aplicación do Regulamento Electoral vixente; que o Comité Galego de Xustiza Deportiva non constitúe a vía adecuada para impugnar indirectamente o contido do Regulamento Electoral; que o recorrente carece de lexitimación para pretender modificacións relativas a entidades distintas daquelas ás que representa; e que todas as decisións adoutadas responderon aos mesmos criterios obxectivos aplicados uniformemente a todas as entidades afectadas e conforme a dereito.

Ao expediente incorporouse, ademais, abundante documentación achegada polas partes, entre a que figuran clasificacións deportivas, listaxes de inscritos, documentación relativa ás competicións oficiais da tempada 2024, licenzas federativas, regulamentos particulares de competicións e demais documentos destinados a fundamentar as distintas alegacións formuladas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Competencia e Procedemento.- O artigo 88 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia establece que no ámbito electoral, a xurisdición deportiva comprende o coñecemento e resolución dos recursos que se formulen contra as decisións que se adopten nos procesos electorais das federacións deportivas.

Pola súa banda, o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, cando regula os recursos que caben fronte as resolucións que se adopten ao longo dun proceso electoral, dispón no seu artigo 51 que contra as resolucións das Xuntas Electorais, procederá recurso electoral ante o CGXD.

En canto ao procedemento aplicable, a propia Lei do Deporte remite ao desenvolvemento regulamentario que atopamos no Decreto 120/2013, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva. Este texto dispón que

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





a tramitación dos asuntos electorais debe seguir o procedemento especial regulado nos seus artigos 55 e seguintes.

No presente recurso é evidente que se están a impugnar diversas resolucións da Xunta Electoral incluídas na Acta N°3, respecto das cales este Comité tería en principio competencia pero, entre os motivos do recurso plantexados atopamos como eixe central na maioría dos supostos a impugnación do artigo 6 do Regulamento Electoral da FGA, particularmente, no relativo á existencia de ter licenza federativa en vigor expedida pola FGA para formar parte do censo de entidades deportivas, debendo neste punto analizar con carácter previo se o Comité é competente para revisar o contido do Regulamento Electoral e, no seu caso, considerar non aplicable ou non exigible un dos seus apartados.

O recorrente entende que esa previsión regulamentaria recollida no artigo 6 relativo a licenza, restrinxe indebidamente o dereito de participación recoñecido ás entidades deportivas e interesa que este Comité deixe sen efecto o referido precepto regulamentario por entender que con esta existencia, o Regulamento Electoral está a engadir un requisito non contemplado no Decreto 16/2018, que establece as bases e criterios dos Regulamentos Electorais, atentando con elo contra o principio de xerarquía normativa (artículo 9.3 da Constitución Española).

Esta pretensión non pode ser acollida.

Cómpre partir dunha premisa esencial, o presente procedemento ten por obxecto o control da legalidade dun acordo da Xunta Electoral relativo á confección do censo electoral provisional, non constitúe, polo tanto, un procedemento dirixido á impugnación directa do Regulamento Electoral. E neste punto, o propio Decreto electoral impide no seu artigo 17.5 de forma expresa que este Comité coñeza do contido do Regulamento, cuxa aprobación definitiva pola Secretaría Xeral para o Deporte esgota a vía administrativa. O referido artigo expón a estes efectos: "A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso-

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





administrativo. Non obstante, poderase impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva a convocatoria da asemblea xeral e a adopción do acordo polo que se aproba o regulamento electoral segundo os seus respectivos estatutos. En ningún caso se poderá impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva o contido do regulamento."

No presente expediente, non se cuestiona que o Regulamento Electoral da FGA foi aprobado por unanimidade pola Asemblea Xeral da Federación e posteriormente, ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte mediante resolución de data 18 de maio de 2026, converténdose desde ese momento na norma específica reguladora do proceso electoral, cuxa impugnación non entra dentro das competencias deste Comité.

O recorrente invoca reiteradamente neste aspecto, o principio de máxima participación nos procesos electorais (*pro participatione*) para fundamentar a inclusión das entidades excluídas por falla deste requisito. Este principio constitúe, efectivamente, un criterio interpretativo consolidado tanto pola xurisprudencia constitucional como pola contencioso-administrativa, de tal forma que cando unha norma electoral admita varias interpretacións igualmente razoables deberá preferirse aquela que favoreza o exercicio efectivo dos dereitos de sufraxio activo e pasivo.

Non obstante, este principio non permite prescindir dos requisitos expresamente establecidos pola normativa electoral nin autoriza aos órganos revisores -como é este Comité- a crear excepcións non previstas polo lexislador.

O principio *pro participatione* actúa como criterio interpretativo fronte á dúbida normativa pero non opera, pola contra, cando a norma resulta clara e expresa como é o caso do artigo 6 do Regulamento Electoral, onde non se cuestiona a súa interpretación pola Xunta Electoral senón á súa propia validez, excedendo do principio invocado.

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





Por conseguinte, o principio invocado polo recorrente non resulta suficiente para deixar sen aplicación un requisito expresamente establecido no Regulamento Electoral vixente.

En consecuencia, a análise deste recurso debe realizarse partindo da plena vixencia do Regulamento Electoral, sen prexuízo das accións que, de ser o caso, poidan corresponder ao recorrente fronte o contido do Regulamento electoral cuestionado na vía xurisdiccional contencioso- administrativa.

SEGUNDO.- Lexitimación e temporalidade do recurso.- O recurso foi presentado no prazo legal de 3 días hábiles previsto na norma. E en canto a lexitimación, debemos partir do disposto no art. 51 do Decreto 16/2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos proceso electorais nas federacións deportivas galegas (modificado polo Decreto 171/2021) “2.- *Están lexitimados para interpoñer este recurso electoral as persoas que tiveran sido parte na impugnación ante a Xunta Electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo acordo ou resolución*”

Conforme este precepto, o recorrente ostenta lexitimación activa para a interposición do presente recurso nas cuestións que lle afecten, en tanto foi parte da impugnación ante a Xunta Electoral, pero non naquelas nas que careza de interese lexítimo, o que así foi advertido pola mesma.

Analizando a lexitimación activa, é evidente que o recorrente ten interese lexítimo en canto presentou reclamación ante a Xunta Electoral argumentando os intereses da entidade que representa –“AGE MOTORSPORT”– para que sexa incluída no censo e tamén, ten lexitimación en canto sostén que a entidade “MELMAC RALLY FACTORY” debe ser excluída, por considerar que non reúne os requisitos exigidos polo Regulamento -cuestión tamén plantexada e denegada pola Xunta Electoral- pero se cuestiona a súa falta de lexitimación activa en referencia as solicitudes referidas as demais entidades, en tanto unha parte significativa das pretensións formuladas no presente recurso refírese á inclusión no censo electoral de diversas entidades

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





deportivas distintas daquela que representa o recorrente, concretamente: da "ESCUDERÍA TORRES COMPETICIÓN", de "ESCUDERÍA CHARLIE ROMERO", de "CLUB DEPORTIVO GALLEGO RACING", de "VIVA EVENTOS MOTOR" e de "ESCUDERÍA RIBEIRA RÍA DE AROUSA".

E tamén debe analizarse a súa lexitimación, en canto solicita que se cambie a inclusión da entidade "SILLEDA MOTORSPORT", da entidade "CARRACEDO COMPETICIÓN", e da "ESCUDERÍA CARBALLIÑO", na especialidade na que foi adscrita no censo provisional.

1º.- Pois ben, en canto a inclusión das entidades "ESCUDERÍA TORRES COMPETICIÓN", de "ESCUDERÍA CHARLIE ROMERO", de "CLUB DEPORTIVO GALLEGO RACING", de "VIVA EVENTOS MOTOR" e de "ESCUDERÍA RIBEIRA RÍA DE AROUSA" resulta preciso distinguir entre a lexitimación para impugnar a legalidade obxectiva dun acto electoral e a lexitimación para facer valer dereitos electorais alleos.

Non é controvertido que o recorrente non actúa en representación nin ostenta apoderamento ou mandato de ningunha das entidades cuxa inclusión no censo interesa, nin consta que estas lle encomendasen a defensa dos seus dereitos ou intereses no presente procedemento.

O dereito a integrar o censo electoral constitúe un dereito de natureza individualizado que corresponde a cada entidade deportiva que considere reunir os requisitos legalmente establecidos. Consecuentemente, a decisión de solicitar a súa inclusión no censo, así como a de impugnar unha eventual exclusión, integra a esfera xurídica propia de cada entidade afectada e debe ser exercida por ésta ou por quen legalmente ostente a súa representación.

Do exame do expediente despréndese, ademais, que menos dúas delas, as entidades referidas non formularon reclamación propia fronte a Xunta Electoral solicitando o recoñecemento do seu dereito a formar parte do censo electoral no estamento de entidades deportivas, sendo soamente as entidades "ESCUDERÍA TORRES COMPETICIÓN" E "ESCUDERÍA CHARLIE ROMEO", as que exercitaron oportunamente

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





o seu dereito presentando reclamacións perante a Xunta Electoral, a cal foi expresamente desestimada conforme se recolle na Acta nº 3, pero unha vez notificadas as devanditas resolucións, o certo é que ningunha destas entidades interpuxo recurso ante este Comité; circunstancia que revela que decidiron non continuar coa impugnación da decisión electoral que lles afectaba directamente.

En consecuencia, non resulta xuridicamente admisible que un terceiro, alieo á relación xurídica individual existente entre a Xunta Electoral e cada unha das entidades, pretenda substituír a súa vontade procesual e continuar unha impugnación que os propios titulares do dereito decidiron non promover.

Admitir o contrario, suporía recoñecer unha acción pública en materia electoral federativa que nin o Decreto 16/2018 nin o Regulamento Electoral contemplan, permitindo que calquera participante no proceso electoral puidese impugnar a situación xurídica particular doutras persoas ou entidades sen ostentar representación, nin acreditar un interese lexítimo, directo e diferenciado.

Polo exposto, este Comité considera que o recorrente carece de lexitimación para solicitar a inclusión no censo electoral das entidades anteriormente indicadas ou para impugnar en nome delas as resolucións adoptadas pola Xunta Electoral, debendo limitarse o exame do recurso os intereses que afecten directamente á súa propia esfera xurídica ou á da entidade á que legalmente representa.

2º.- Solicita ademais o recorrente que a entidade "SILLEDA MOTORSPORT" non sexa adscrita á especialidade electoral de Rallyes/Rallymix/Rallysprint, por considerar que esa non é a modalidade deportiva na que desenvolve principalmente a súa actividade federativa. Pode comprobarse na Acta nº3, que a Xunta Electoral desestimou esta pretensión entendendo a Xunta Electoral que a opción pola especialidade constitúe tamén un dereito que corresponde exclusivamente á propia entidade deportiva interesada, e que de non optar debe seguirse o que dispón o Regulamento, conforme así se establece de forma clara no artigo 6.3 e 6.6 do Regulamento Electoral, e este Comité comparte substancialmente esa interpretación.

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





O Regulamento Electoral distingue entre a elaboración inicial do censo; a determinación da especialidade; o exercicio da opción, cando unha entidade reúne os requisitos para figurar en máis dunha especialidade, así como a forma de proceder cando non se exercita dito dereito.

A finalidade desta regulación consiste en evitar que un terceiro poida condicionar a representación electoral dunha entidade distinta da súa. Por iso, a facultade de optar entre especialidades constitúe unha manifestación do dereito de participación da propia entidade, que debe exercitarse polo seu representante legal.

O recorrente non acredita actuar en representación de "SILLEDA MOTORSPORT" nin consta autorización expresa para exercer no seu nome dereitos electorais e en consecuencia, carece de lexitimación para solicitar a modificación da especialidade electoral atribuída á citada entidade.

Pero é que ademais, mediante informe ampliatorio, a Xunta Electoral aportou a este Comité escrito onde se acredita que "SILLEDA MOTORSPORT" exerceu debidamente o seu dereito de opción conforme o artigo 6.3 do Regulamento Electoral, evidenciando con elo que o recorrente carece de representación algunha de dita entidade.

Idéntica consideración merece a alegación formulada respecto de "CARRACEDO COMPETICIÓN", respecto o cal se solicita unha modificación da especialidade electoral na que debe figurar inscrita e, como o caso anterior, temos que apuntar que tal decisión integra igualmente o ámbito propio do dereito de opción atribuído pola normativa electoral á entidade directamente afectada, non manifestando o club discrepancia coa especialidade asignada, nin que delegase no recorrente a defensa dos seus intereses electorais.

En canto o caso particular da "ESCUDERÍA CARBALLIÑO", carece igualmente o recorrente de lexitimación para solicitar ou defender os seus intereses, acollendo este Comité a aclaración exposta pola federación no seu informe, en tanto o incluído na acta e a solicitude de cambio de especialidade, de tal forma que rexen os mesmos

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





fundamentos expostos sobre a existencia dun dereito de opción que soamente pode xer exercitado polo propio interesado (artigo 6.3 do Regulamento Electoral).

Polo tanto, debe concluírse que o recorrente soamente está lexitimado para recorrer a decisión de non inclusión adoutada pola Xunta Electoral da entidade que representa, a "AGE MOTORSPORT", e para pedir a exclusión do censo do club "MELMAC RALLY FACTORY".

TERCEIRO.- Fondo do asunto.

-Sobre a inclusión de "AGE MOTORSPORT". No seu recurso, o Sr. Eiríz, impugna a exclusión da entidade deportiva AGE Motorsport do censo electoral provisional no estamento de entidades deportivas, especialidade de Rallyes, RallySprint e RallyMix.

Segundo resulta acreditado no expediente, a Xunta Electoral fundamentou a exclusión da entidade na falta dun dos requisitos expresamente previstos no artigo 6.1.b) do Regulamento Electoral, concretamente, na inexistencia de licenza federativa expedida pola Federación Galega de Automobilismo na data da convocatoria electoral.

O recorrente non discute propiamente este feito, senón toda a súa argumentación descansa sobre a consideración de que ese requisito non debería resultar esixible por entender que excede das previsións contidas no Decreto 16/2018.

Como xa quedou exposto nos fundamentos anteriores, este Comité non pode substituír, nin anular o Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte, nin deixar de aplicalo mentres permaneza plenamente vixente.

En consecuencia, acreditada a inexistencia da licenza requirida e sendo este un requisito obxectivo expresamente previsto pola normativa electoral específica, a Xunta Electoral limitouse a aplicar o Regulamento Electoral, debendo confirmarse a resolución electoral.

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





- Sobre a solicitude de exclusión de "MELMAC RALLY FACTORY" no censo electoral.

Finalmente, o recorrente sostén que esta entidade non participou en ningunha competición oficial durante a tempada 2024 e que a Xunta Electoral non identificou a documentación concreta na que fundamentou a súa decisión, non sendo conforme a dereito a inclusión no censo do "MELMAC RALLY FACTORY".

En apoio desta afirmación achega a clasificación final do Campionato Galego de Karting 2024; as listas de inscritos de diversas probas; as clasificacións por escuderías; e demais documentación federativa correspondente á tempada deportiva.

É certo que na Acta nº 3, a Xunta Electoral limitouse inicialmente a indicar que a entidade *"participou en, polo menos, unha proba de karting durante 2024"*, sen identificar nin a competición concreta nin o soporte documental empregado para chegar a esa conclusión.

Pero no seu informe, indica que comprobou directamente a participación da entidade nunha proba oficial de karting correspondente á tempada 2024 (concretamente na proba de karting "2024-KARTING OUTEIRO DE REI") apoiándose tanto no informe emitido pola Secretaría da Comisión Xestora que certifica dita participación, como na documentación federativa dispoñible que aportan, entre ela, no boletín de inscrición de saída da proba e na lista de autorizados, onde consta a participación do Club cuestionado, polo que contamos cun elemento de proba obxectivo, corroborado co informe federativo, non desvirtuado pola documentación aportada.

En consecuencia, non pode compartirse a afirmación do recorrente relativa á inexistencia absoluta de soporte documental da resolución da Xunta Electoral.

Cuestión distinta é que esa motivación resultase inicialmente insuficiente na Acta nº 3, ao non identificar os concretos feitos ou documentos nos que se apoiaba a decisión adoptada xa que non se identificou expresamente de qué proba se trataba, nin os documentos que o avalaban; con todo, a eventual insuficiencia de acreditación inicial non determina automaticamente a incorrección material da decisión cando, no propio

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela





expediente administrativo, consta a documentación que serve de fundamento ao acordo recorrido.

En consecuencia, procede desestimar tamén esta alegación, aínda que este Comité considera conveniente lembrar á Xunta Electoral a conveniencia de que as resolucións electorais identifiquen desde o primeiro momento os concretos documentos nos que fundamentan as inclusións ou exclusións controvertidas, en garantía dos principios de motivación, transparencia e defensa.

Por todo o exposto,

O PLENO DO CGXD por unanimidade acorda, DESESTIMAR INEGRAMENTE o recurso interposto e confirmar na súa integridade as resolucións cuestionadas da Xunta Electoral integrantes da Acta nº3, non sendo procedente acceder á modificación do censo electoral provisional, nin á retroacción do procedemento electoral interesada polo recorrente.

Notifíquese ás persoas interesadas, facéndolles saber a todos eles que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra ela cabe recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2026.

O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva

P.O. A secretaria

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela

